

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE INFORMÁTICO, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 DO CONCELLO DE BOIRO.

CÓDIGO DE PROCEDIMENTO 8/2022

Acta do tribunal de selección.

Acta n.º 1

Constitución do tribunal, realización da proba de coñecemento de galego, se procede, e valoración de méritos alegados polas persoas aspirantes.

Data da sesión: 18/04/2023

Hora de inicio: 11:07 horas

Hora de finalización: 11:15 horas

Lugar: Casa do Concello de Boiro

Asistentes:

- Dalmiro Núñez Méndez, Secretario do concello de Boqueixón
- Lucía Artime Alonso, secretaria do concello de Noia
- María Pardo Quintana, viceinterventora do concello de Ames
- Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica do concello da Baña
- María Victoria Negrín Blanco, funcionaria de Admón. Local do concello de Boqueixón

1.- Constitución do tribunal

Os presentes foron designados integrantes do tribunal cualificador encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de informático, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro de 2022, publicada no BOE n.º 311 de 28 de decembro de 2022 .

Do decreto resulta a seguinte composición (referida aos asistentes):

Presidente:

Titular: Dalmiro Núñez Méndez, Secretario do concello de Boqueixón

Secretaria:

Titular: Lucía Artime Alonso, secretaria do concello de Noia

Vocais:

Titular: María Pardo Quintana, viceinterventora do concello de Ames

Titular: Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica do concello da Baña

Titular: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria de admón. local do concello de Boqueixón

Así mesmo o tribunal declara que ningún dos seus integrantes está incurso en causa de abstención

ou recusación que lle impida formar parte do tribunal.

2.- Acreditación do coñecemento da lingua galega.

A persoa aspirante acredita estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega equivalente ao CELGA 4, polo que non é necesario a realización da proba oral de coñecemento da lingua galega.

3.- Valoración de méritos.

Acto seguindo o tribunal procede a valorar os méritos alegados polas persoas aspirantes (base xeral cuarta).

O tribunal fixa como criterios de valoración dos méritos os contidos no apartado de OBSERVACIÓNS dos méritos individualizados das persoas aspirantes, deixando de relacionalos en canto se chegue ao tope máximo de puntuación. Ademais acorda que cando sen rematar o baremaxe os aspirantes acaden a puntuación máxima, non se continuará coa baremación.

O resultado da baremación é:

JOSÉ ANTONIO RESÚA YÁÑEZ				
A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 90 PUNTOS)				
(1) Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no Concello de Boiro en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes completo.				
(2) Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes no Concello de Boiro en calidade de persoal temporal: 0,22 puntos por mes completo.				
(3) Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente doutras administracións públicas distintas do Concello de Boiro en calidade de persoal temporal: 0,30 puntos por mes completo.				
(4) Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06 puntos por mes completo.				
<u>Administración pública</u>	<u>Posto</u>	<u>Meses</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Observacións</u> Puntuación Máxima 90 puntos
Concello de Boiro	Informático	278	90	Excede da puntuación máxima
TOTAL A)				
B) OUTROS MÉRITOS (MÁXIMO 10 PUNTOS)				
B.1) Formación e capacitacións profesionais 0,125 puntos por hora	<u>Organismo</u>	<u>Horas</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Observacións</u> Puntuación Máxima 10 puntos
CODIX	Xunta De Galicia	190	10	Excede da puntuación máxima

TOTAL B.1)		10
B.2) Titulación Superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos	<u>Puntuación</u>	
TOTAL B.2)		0
TOTAL B)		10
PUNTUACIÓN TOTAL		100



Baremada a documentación presentada, de acordo cos criterios fixados polo Tribunal, e o especificado no apartado cuarto das bases xerais e a documentación presentada polas persoas aspirantes, o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Facer público o resultado da baremación dos méritos por medio de exposición do correspondente anuncio na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, e que queda como segue:

Aspirante	A) experiencia profesional	B) Outros méritos	Total puntos
JOSÉ ANTONIO RESÚA YÁÑEZ	90	10	100

SEGUNDO. Outorgar un prazo para presentación de alegacións ou reclamacións contra a puntuación outorgada na fase de concurso de tres (3) días hábiles a computar dende o seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas no concurso. Aquelas poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes.

Maria Pardo
asistente

